

Gata negra

Escóitame este conto e descubrirás que si es valente, non estás soa.

—Lisca, das mala sorte!

Esas palabras sempre resoaban ameazantes contra Mincha polo seu pelo acíbache. Abandonada aos poucos meses de nacer, converteuse nunha gata rueira, cazadora furtiva, que deambulaba pola aldea, esquivando os cans enfurecidos, evitando as pedradas lanzadas por mans anoxadas e incluso, ulindo o desprezo dos gatos e as gatas de pelaxes brillantes.

Cada noite, mexida pola lúa, proíalle a soidade e adormecía imaxinando unha vida feliz se tivese o peleso doutra cor e un compañeiro de vida.

Un lusco e fusco, cando regresou o seu agocho, tremeulle o bigote ao descubrir unhas pegadas estrañas, puxéronse os pelos do lombo de punta ao percibir un laio mínimo.

Coas uñas afiadas, avanzou ata que descubriu agochada no seu niño unha bola de pelos marróns, case rubios, manchados de lama e sangue. Detívose e durante un segundo interminable, fitouna.

—Non me magoes.

Un calafrió recorreu o corpo de Mincha ao descubrir a mestura de terror, tristeza e derrota que bulía nas pupilas da siamesa.

Cando a forasteira tentou erguerse, tintinoulle a medalla de ouro que lle refulxía no pescozo, falláronlle as patas, cambaleou e caeu formando un nobelo.

Mincha rodeou a gata ferida. De xeito instintivo, sacou a lingua para limparlle os coágulos de sangue e os pelos chamuscados. Amantada polos coidados, a gata siamesa adormeceu, nun sono poboado de pesadelos e rogos de piedade.

—Teño fame.— Tatexou ao raiar a alba.

Mincha marchou na procura de almorzo. Regresou cunha sardiña asada fría.

A siamesa desgustoulle o cheiro e a pel ennegrecida. Doéronlle os dentes ao cravalos na carne mol, venceu as vascas e, devagar, comeu ata a espiña.

Co estómago cheo, contoulle que no seu fogar descansaba sobre almofadas de plumas, saboreaba patés e pensos, cada semana acudía á peiteadora, agasallábanlle xoias e lambetadas, mais non lle permitían achegarse a ninguén nin manifestar os seus pensamentos. Cando pediu liberdade pechárona nunha caixa escura de arestas afiadas.

—Se me atopa, mátame.

Mexidas pola lúa, debullaron os seus sentimentos e teceron a súa complicidade. Cando a enferma descansaba, Mincha procuraba comida e, con sixilo, recorría os vieiros por se descubría algún forasteiro na procura da fuxitiva.

Co paso do tempo, a siamesa gañou confianza, recuperou o brillo do pelo, xogaba con Mincha trepando ás arbores, aprendeu a roubar comida, a gozar da liberdade e cada noite durmíase coa súas patañas enleadas coas de Mincha.

Manola de Telma